

NARRATIVA DE POSGUERRA: ÁLVARO CUNQUEIRO E ÁNXEL FOLE

ÁLVARO CUNQUEIRO

Biografía

Na súa época de estudante comeza a publicar libros de poesía. Tras a guerra, traballa como xornalista por toda España. De volta en Galicia, continúa a súa actividade literaria como narrador e dramaturgo. Foi director do *Faro de Vigo* e formou parte da Real Academia Galega.




Obra narrativa

a) Novelas

-*Merlín e familia* (1955): retoma a figura do mago Merlín, adaptándoa ao seu tempo e a un escenario galego (o Pazo de Miranda). O narrador Filipe de Amancia (paxe de Merlín) lembra a súa infancia a carón do mago e conta sucesos acontecidos. Esta obra é unha sucesión de historias independentes.


Ás veces, por facer festa, o señor Merlín saía á eira, e nunha copa de cristal chea de auga verquía dúas ou tres gotas do licor que il chamaba "dos países", e sorrindo, con aquela aberta sorriso que lle enchía a franca faciana como enche o sol a mañán, preguntábanos de que coor queríamos velo mundo, e sempre que a min me tocaba responder, eu decía que de azul, i entón don Merlín botaba a iauga, ao áer, e por un segundo o mundo todo, Esmellle todo arredor, as brancas torres de Belvís, as pombas i o can Ney, o roxo pelo de Manoeliña, a branca barba de mi amo, o cabalo tordo, as bidueiras de Quintás i o toxo da coroa do Castro, todo era unha longa nuben azul que pouco a pouco se esvaía. O señor Merlín sorría namentras secaba a copa con un pano mouro. Esmelle, selva longa i antiga, na memoria lévoa eu de azul pintada, como si un enorme e morno luar apousara, nun repente, na terra.

☺ Resume o argumento do texto.



-*As crónicas do Sochantre*: a acción sitúase na Bretaña francesa e está protagonizada por un músico que toca nun enterro e é recollido por unha carroza na que viaxan varios defuntos. Durante anos percorre con eles o país escoitando as súas historias pasadas.

-*Si o vello Sinbad volvese ás illas*: está inspirado n'*As mil e unha noites*. Recupera a figura do vello mariñeiro que está retirado en Bolanda, a súa terra natal, e soña con volver ao mar. Polas mañás coida a súa horta e pasea polo peirao; ás tardes frecuenta os faladoiros na fonda de Mansur, onde conta as prodixiosas aventuras pasadas. Como sospeita que os oíntes non dan creto aos seus relatos, decide volver embarcar. A partir de aí, Sinbad enrédase no nobelo dos seus sonhos, ata entón diferenciados da realidade e sucumbe, perdendo a fama, a capacidade fabuladora e incluso a vista.



b) Libros de relatos

Os tres libros de relatos: *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes* forman unha especie de triloxía compartindo temática e estrutura. Son **relatos breves** de personaxes populares onde se presenta a **psicoloxía do home galego** a través do humor e da fantasía.


ÁNXL FOLE

Biografía

Estuda en varias cidades: Lugo, Santiago, Madrid e Valladolid. De mozo milita no Partido Galeguista, do que é secretario provincial. Comeza a súa actividade literaria publicando na revista literaria *Yunque*.

Cando comeza a Guerra Civil ten que fuxir pola súa militancia política. As experiencias fóra da súa cidade alimentarán a súa obra posterior.

De regreso a Lugo, a súa cidade natal, traballa como xornalista e comeza a publicación das súas obras.



Obra narrativa

Foi un **mestre do relato curto**. Destacan **catro libros** de contos:

-*Á lus do candil* e *Terra brava* están ambientadas na Galicia rural da alta montaña luguesa. Neles reflicte os modos de vida de mediados do século XX e ofrece moita información sobre o mundo rural e as lendas tradicionais. O seu obxectivo é dar a coñecer a Galicia máxica e misteriosa.



-*Contos da néboa* e *Historias que ninguén cre* comparten unha ambientación urbana (cidade de Lugo e proximidades) e continúan os temas de medo, misterio e experiencias paranormais.

A súa **técnica narrativa** baséase no conto popular de tradición oral: fórmulas introdutorias, remate sentencioso, apelacións ao oínte... Recorre tamén á **técnica do conto enmarcado**, ou **conto dentro do conto**, ao presentar sempre uns personaxes que se xuntan para contar historias.

Fole recolle nas súas obras a **lingua falada nas zonas luguesas** nas que estas se sitúan. É un galego vivo, con peculiaridades dialectais, vulgarismos e castelanismos.